

2021


S

O

M

A

IES de Mugardos



*Déano-lo maio,
donas e cabaleiros
se non teñen maio,
déannos diñeiro.*

Chegaron os maios
e estamos abraiaados,
pois con tantos cambios
vivimos amolados.

Coplas danzarinas,
cantarinas coplas,
de virus e vacinas
este ano toca.

Este ano as voces
soarán diferentes.
Cantamos coa máscara
moi lonxe da xente.

Como se fai este ano
con tristeza e alegría
o cóbado chocamos
pra saudar a compañía.

Chegamos ao instituto
nuns tempos complicados,
nin lle podemos ver
a cara ao profesorado.

Comezamos este curso
con normas e regras
afástate e bota xel
contra o virus, a guerra.

Seica vai contaxiando
polos centros escolares
todos lle teñen manía
se visita os seus fogares.

Éche unha gripe común
seica da China viría,
pero a súa corentena
dura máis de tres días.

É unha copia barata
dun catarro normal,
pero a novos e vellos
pódeselles complicar.

Fáille caso ao sentidiño
e non ós antivacinas
que aínda non hai cura
para tantas tonterías.

Imos matar a besta,
podémolo conseguir
aínda que che metan
a PCR polo nariz.

O covid co bicho
aburridos nos ten.
Que veña o maio
e acabe con el.

Escoitade a triste historia
do pobre coello Ralph
que de tan maltratado
rematouvos moi mal.

O animal contén no corpo
feridas e queimaduras
dóelle moito o torso
e ten que facer as curas.

E por que tantos problemas?
Preguntarédemos moitos.
Porque para cosméticos
utilizaron os seu corpo.

Este Ralph non é o único.
outros sofren o mesmo.
De testar en animais
cremos que xa non é tempo.

Isto da secundaria
non deixa de ser xenial
cafetería e dous recreos
mais tamén a traballar.

O timbre do instituto
non o quero eu ouvir,
pero moito me gusta
que toque pra saír.

O curso xa remata,
temos que aprobar,
para pasar agosto
só a desfrutar.

A escola moi contenta
xa ten a súa presentación,
facemos moitas cousas
antes de ir de vacacións.

Chegou forte de verdade
o tempo primaveral
Moito sol e máis calor
esperamos no verán.

Axiña chega o tempo
de invadirmos as rúas,
os nenos de vacacións
iremos á Bestarruza.

Con estas fermosas coplas
e de todo corazón
dicimos adeus ao ano
que o outro sexa mellor.

O maio xa marcha
que ten que marchar
con el todos queremos
comezar a viaxar.

E se o *querido* goberno
nos sobe as autovías,
faltaralle un bo perno
e por iso desvaría.

Tamén che propomos
falar máis en galego,
non só cos avós
tamén cos pequenos.

*E víche-lo maio,
e víchelo ben,
agora xa se foi
ato o ano que vén.*

Alumnado de 1.º ESO
Curso 2020-2021